

# RAVACHOL<sup>®</sup>

## Fórtex

15 PÍRULAS DE ENTROIDO - SEN RECETA MÉDICA

### PROGRAMA DO ENTROIDO 2014

#### II XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA

CASA DAS CAMPÁS 20 E 21 DE FEBREIRO

DO XOVES 20 AO VENRES 21 DE FEBREIRO

De 18 a 21.30 horas Exposición sobre o Entroido de Galiza



#### XOVES 20 DE FEBREIRO

- 18.00 horas Apertura das xornadas
- 18.15 horas Xosé Anxo Rosales e Rafael Quintía: "Proxecto de recuperación do Entroido tradicional de Marcón"
- 19.00 horas Conferencia de Olimpio Arca: "Os Xenerais da Ulla"
- 19.30 horas Conferencia de Pablo Carpintero: "O son no Antroido tradicional galego"
- 20.15 horas Félix Castro e Miguel Losada: "Lembranza de Francisco Añel. In memoriam"
- 20.45 horas Presentación das Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galiza
- 21.00 horas Mesa redonda e coloquio

#### VENRES 21 DE FEBREIRO

- 18.00 horas Presentación dos relatores
- 18.15 horas Conferencia de Antonio Reigosa: "O Entroido enmascarado: A vida vence á morte"
- 19.00 horas Conferencia de José R. Núñez-Varela: "O Antroido das Mariñas dos Condes"
- 19.45 horas Carme Pernas: "Entroidos singulares da provincia de Lugo"
- 20.30 horas Mesa redonda e coloquio

### REPRESENTACIÓN DOS ENTROIDOS DE GALIZA

#### DOMINGO 16 DE FEBREIRO

- 12.00 horas Pasarrúas dos Xenerais da Ulla (Merza)

#### SÁBADO 22 DE FEBREIRO

- 12.00 horas Pasarrúas das Madamas e Galáns de Cobres

#### VENRES 28 DE FEBREIRO

- 20.00 horas Praza da Verdura. Degustación de filloas de Entroido
- 20.45 horas Praza da Verdura. Urco, rei do Entroido, chegará a Pontevedra acompañado do seu séquito e das comparsas Os Solfamidas, Os Canecos, Amoriños de Bora, Os da Caña, Clave de Sol, Las Flores del Car naval, Os Paparrulos, A Esmorga, onde será recibido polo alcalde. Lectura do pregón a cargo de Os de Sempre.

#### SÁBADO 1 DE MARZO

- 11.00 horas Pasarrúas polo centro histórico da comparsa Os Canecos
- 16.00 horas Rúa Xosé Malvar. Concentración dos participantes no desfile para realizar a inscrición e recollida do número de participación
- 17.00 horas Desfile do Entroido. Saída dende a rúa Xosé Malvar, Loureiro Crespo, Benito Corbal, Peregrina, Michelena, praza de España e rúa Alameda
- 20.00 horas Praza da Ferraría. Celebración da festa do Entroido durante a que se fará entrega dos premios do concurso de disfraces en cada unha das modalidades





### LUNS 3 DE MARZO

- 17.30 horas Praza da Verdura. Obradoiros de xogos e disfraces  
19.30 horas Praza da Peregrina. Presentación do loro Ravachol  
Recreación da botica de don Perfecto Feijoo  
Actuacións:  
Grupo Foula  
Escola de Batukada de Pontevedra  
21.00 horas Pazo da Cultura. Primeira eliminatoria do XXIII Concurso de Murgas

### MARTES 4 DE MARZO

- 16.30 horas Concurso de Filloas Vialia-Estación de Pontevedra. Organiza: Radio Voz. Promove: Concello de Pontevedra  
17.00 horas Praza da Ferraría. Festa Pirata de Entroido Infantil  
Animación infantil con Rivel, e varios DJ  
22.00 horas Noite Pirata. Desembarco da tripulación do Burla Negra no centro histórico. Amosa o teu lado Pirata! Únete ao Pirata da Moureira!

#### Asociación Combrus e Troula

A continuación animación de rúa coas comparsas:

- Os da Caña
- Solfamidas
- Las Flores del Carnaval
- Os Canecos
- Os Paparrulos
- Amoriños de Bora
- A Esmorga
- Val do Lérez
- Clave de Sol
- Vamos a Todo



### MÉRCORES 5 DE MARZO

- 17.00 horas Praza da Peregrina. Obradoiro: "As Máscaras de Ravachol"  
18.00 horas. Discoteca El Sarao. Baile de disfraces para persoas maiores.  
Orquestra Bahía  
19.00 horas Recreación da botica de don Perfecto Feijoo  
Ambientación a cargo da Aula de Teatro Municipal e persoeiros relevantes da época na cidade  
Actuación da Asociación Pola Vila  
21.00 horas Pazo da Cultura. Segunda eliminatoria do XX III Concurso de Murgas

### XOVES 6 DE MARZO


- 21.00 horas Pazo da Cultura. Final do XXIII Concurso de Murgas

### VENRES 7 DE MARZO

- 23.00 horas Prazas e rúas da cidade. XIX Mostra da Parodia do Entroido  
02.00 horas Praza da Ferraría. Entrega de premios da XIX Mostra da Parodia do Entroido

### SÁBADO 8 DE MARZO

- 12.00 horas Praza da Peregrina. Recreación da botica de don Perfecto Feijoo  
18.00 horas Praza da Verdura. Comezo do velorio de Ravachol na sala mortuoria. Prégase a asistencia de loito rigo-  
roso  
21.00 horas Saída do cortexo fúnebre dende a praza da Verdura acompañado do seu séquito e as comparsas Val do Lérez, Amoriños de Bora, Os Paparrulos, A Esmorga, Solfamidas, Las Flores del Carnaval, Vamos a Todo e Os da Caña percorrendo as rúas San Román, Ferraría, paseo Antonio Odriozola, Soportais, Manuel Quiroga, Princesa, Sabela II, Rúa Real, Sarmiento, Pasantaría e praza da Ferraría







## VELADA INFAUSTA

Cabodano das honras fúnebres do fenecido Ravachol

Praza da Ferraría

Procederáse á incineración do finado. Na súa honra terá lugar unha sentida coroa fúnebre, cun espectáculo necrolóxico.

Programa:

1º Introito coa lectura dunha elexía para o finado

2º Celme, danza da morte

3º Pola Vila, Recordos D'outrora

4º Val do Lérez

5º Incineración do loro Ravachol

## BASES DO DESFILE DO ENTROIDO

As comparsas compondránse dun mínimo de 20 persoas que irán acompañadas de instrumentos musicais e interpretarán cancións carnavalescas ou pasarrúas durante o desfile. A maioría dos seus compoñentes deben ir a pé. Os nenos e nenas que participen no desfile non poderán entrar no concurso a non ser que estean integrados nunha comparsa ou cun grupo de adultos. O xurado terá en conta o vestiario, a animación de rúa e a calidade musical.

Os disfraces premiados daranse a coñecer durante o transcurso da verbena do Entroido, que se celebrará na noite do sábado 1 na praza da Ferraría. Os premios deberanse recoller de xeito obrigatorio cos mesmos disfraces cos que foron premiados. Ademais levarán a tarxeta de inscrición e mais o DNI.

Para valorar os disfraces, o xurado terá en conta non só a categoría do disface, senón tamén a participación activa e humorística durante o desfile. Haberá un premio especial do Entroido consistente no Ravachol 2014 para aquela comparsa ou grupo que, a xuízo do xurado, reúna especiais características no conxunto. Este premio poderá quedar deserto.

O xurado resérvase o dereito a descualificar aquelas persoas con disfraces que, ao seu xuízo, poidan resultar ofensivos, de dubidosa interpretación ou que non cumpran as normas que ao longo da comitiva vaia transmitindo o persoal de organización, que irá debidamente identificado.

Os participantes, no momento da súa inscrición, deberán facer constar en que modalidade queren participar: facha ou disface. Todos os participantes deberán estar anotados antes das 16.30 horas do sábado 1, día do desfile, momento no que se realizara o sorteo da orde de saída. A concentración e inscrición de todos os participantes no desfile de Entroido realizarase na rúa Xosé Malvar.

A orde de participación das comparsas no desfile determinarase logo dun sorteo.

Os grupos sobre camiões - góndolas ou grandes plataformas non poderán exceder o ancho da propia góndola ou plataforma, e en calquera caso todos os participantes do Entroido adaptarán as súas estruturas ao trazado por onde transcorre o desfile.

A participación supón a plena aceptación destas bases. Os participantes deberán inscribirse na modalidade axeitada. A decisión do xurado será inapelable.

## Premios do desfile do entroido


INDIVIDUAIS	DISFRACE	FACHAS
1º Premio	250,00 €	250,00 €
2º Premio	150,00 €	150,00 €
3º Premio	120,00 €	120,00 €

PARELLAS	DISFRACE	FACHAS
1º Premio	350,00 €	350,00 €
2º Premio	230,00 €	230,00 €
3º Premio	200,00 €	200,00 €

GRUPOS	DISFRACE	FACHAS
1º Premio	2.400,00 €	2.400,00 €
2º Premio	1.700,00 €	1.700,00 €
3º Premio	1.200,00 €	1.200,00 €
4º Premio	900,00 €	900,00 €
5º Premio	500,00 €	500,00 €

### COMPARSA

1º Premio	2.500,00 €
2º Premio	1.900,00 €
3º Premio	1.600,00 €
4º Premio	1.150,00 €
5º Premio	850,00 €







## BASES DO CONCURSO DE MURGAS

Deben estar compostas por un número mínimo de cinco persoas e un máximo de vinte e terán que ir acompañadas de calquera tipo de instrumento.

Aquelas que desexen participar deberán realizar a súa inscrición no Servizo de Cultura (rúa Churruchaos nº 2 – 1º andar) antes das 13.00 horas do venres 28 de febreiro.

Os/as integrantes de cada murga só poden participar única e exclusivamente nunha.

A orde para a interpretación das cancións de cada unha das murgas quedará establecida mediante un sorteo que se celebrará o sábado día 1 de marzo ás 13.00 horas no Servizo de Cultura (rúa Churruchaos nº 2 – 1º andar) ao que debe asistir un representante de cada murga.

O tempo destinado a cada actuación é de 30 minutos como máximo. Poderá ser inferior se cada murga o desexa así.

As cancións que se interpreten serán de temática libre e adaptadas ao estilo do Entroido. Valorarase a contribución humorística na actuación.

Cada murga recibirá 200 euros como gratificación pola súa participación.

No caso de que a participación exceda de cinco murgas, celebraranse dúas eliminatorias que terán lugar no Pazo da Cultura o luns día 3 de marzo e o mércores día 5 de marzo ás 21.00 horas, a final será o xoves 6 de marzo ás 21.00 horas.

Calquera aspecto non contemplado nestas bases resolverao o xurado. O feito de presentarse ao concurso supón a aceptación destas bases e mais a conformidade coa decisión do xurado, que será inapelable.

## PREMIOS DO CONCURSO DE MURGAS

1º Premio	1.200 €
2º Premio	1.050 €
3º Premio	900 €
4º Premio	750 €

## BASES DA MOSTRA DA PARODIA

No concurso da Mostra da Parodia valorarase a orixinalidade e a novidade, tanto dos disfraces como das parodias que se representen. Cada grupo participante representará a súa parodia nunha praza ou rúa da cidade, que se decidirá logo de celebrar o correspondente sorteo.

A inscrición para participar nesta mostra remata o martes 4 de marzo, ás 13.00 horas, no Servizo de Cultura (rúa Churruchaos nº 2 – 1º andar).

Os grupos participantes comezarán a súa representación a partir das 23.00 horas do venres 7 de marzo, no lugar previamente asignado.

Ás parodias sobre camións - góndola ou grandes plataformas asignaráselles, igualmente por sorteo, un espazo na rúa de Benito Corbal ou praza de España.

A entrega dos premios celebrarase ás 02.00 horas na praza da Ferraría.

## PREMIOS XIX MOSTRA DA PARODIA DO ENTROIDO

1º Premio	1.300 € + Ravachol 2014
2º Premio	1.000 €
2º Premio	1.000 €
3º Premio	700 €
3º Premio	700 €
3º Premio	700 €

## PREMIOS DO CONCURSO DE FILLOAS

1º Premio	450 €
2º Premio	300 €
3º Premio	180 €
4º Premio	120 € (á mellor presentación)
5º Premio.....	Vale por unha lacoada doado por Supermercados Froiz

Tres cheques – compra doados polo Centro Comercial Urbano-Zona Monumental

ORGANIZA: Radio Voz

PROMOVE: Concello de Pontevedra

COLABORAN: Supermercados Froiz, Vialia-Estación de Pontevedra, Centro Comercial Urbano-Zona Monumental, alumnos da Escola de Hostalaría Carlos Oroza, tendas de decoración Loxa, Zapatillaría Lola e escola de baile Pasos.

XORNADAS GASTRONÓMICAS

Distintos establecementos hostaleiros ofrecerán degustacións e menús típicos do Entroido.

## COA COLABORACIÓN DO CENTRO COMERCIAL URBANO-ZONA MONUMENTAL



Centro Comercial Urbano  
ZONA MONUMENTAL PONTEVEDRA

